



## CONVENIO DE USO DE INSTALACIONES DEPORTIVAS ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E A ENTIDADE: FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

### INTERVEÑEN

Don José Mario Guede Fernández con DNI 34598792f, en nome e representación do Concello Municipal de Deportes, con domicilio en Pardo Cela, 2,32003 de Ourense e CIF: P8260001F, actuando como Presidente do CMD, segundo decreto de alcaldíanº 2019001688 de 4/3/2019

Doutra parte, **D. Mario Muzas Cobo** con D.N.I. núm. 50420454-S, como presidente da Federación Galega de Judo con NIF núm. G15109267 e domicilio na Praza Agustín Díaz nº3 da Coruña, no nome e representación da mesma, e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos estatutos da mencionada entidade.

O Oficial Maior do Concello de Ourense D. Carlos Javier Fernández Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento. En particular, aos efectos de verificar a identidade e validez da firma efectuada polo representante da entidade, incorpórase ao expediente administrativo electrónico do CMD con núm. 415/2018 o xustificante de validación emitido pola plataforma VALiDe obtido na ligazón <https://valide.redsara.é/valide/validarFirma/executar.html>, polo cal se verifica tanto a validez do certificado como da firma electrónica realizada.

Ámbolos dous, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formaliza-lo presente convenio de cooperación deportiva e uso das instalacións deportivas que se detallan no mesmo.

### EXPOÑEN:

Primeiro.- O CMD, dentro do seu obxecto e para o cumprimento dos seus fins, asume a xestión das instalacións deportivo-recreativas de propiedade municipal e a xestión do posible uso doutras instalacións públicas ou privadas [art. 3, Estatutos do CMD].

Segundo.- A *Ordenanza fiscal reguladora de prezos por uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais* contempla no artigo núm. 10 que o CONSELLO poderá concertar para o desenvolvemento de programas deportivos, convenios ou concertos con clubs, asociacións, federacións, entidades ou organismos que promocionen o deporte, coas contraprestacións que se especifiquen nos devanditos convenios ou concertos, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no seu funcionamento.

**Concello Municipal de Deportes de Ourense**

Avenida Pardo de Cela nº2, Ourense. 32003 (Ourense). Tfno. 988370539. Fax: 988370727



Terceiro: Que a Federación Galega de Judo ten como obxectivo o desenvolvemento de actividades deportivas e sociais entre os cidadáns, promocionando o Judo e artes asociadas sobre todo nas categorías bases e de iniciación, e para elo promove campionatos a nivel provincial e galego de ditas categorías. Está habilitado para a sinatura de convenios de cooperación coas administracións para o desenvolvemento de actividades deportivas e ten obxectivos coincidentes cos obxectivos do Consello.

Cuarto: En data **25/4/2019**, o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes tomou o acordo de subscribir convenio coa Federación Galega de Judo para o uso das instalacións deportivas.

À vista do cal, ambas partes

**ACORDAN :**

Primeiro :

O Consello Municipal de Deportes facilitará a Federación Galega de Judo o uso das instalacións deportivas municipais para a celebración de forma puntual para os campionatos provinciais, interprovinciais e galegos de Judo e artes asociadas nas diversas modalidades e categorías previa petición a xerencia do Consello Municipal de Deportes e encaixe na programación de actividades deportivas municipais.

Segundo :

A Federación Galega de Judo comprométese ó uso debido das instalacións e dos seus equipamentos, debendo comunicar ó Consello os incidentes que se produzan e sendo responsable de arranxar os posibles desperfectos en caso de mal uso dos mesmos causados pola propio Federación ou polas entidades que participen na actividade con eles.

A Federación Galega de Judo faise responsable dos posibles accidentes das persoas que participan nestas actividades asegurando debidamente aos participantes e considerando como adecuadas as instalacións municipais que van a utilizar para as súas actividades, así como educadores que vixien os participantes durante as competicións.

Terceiro :

A Federación Galega de Judo abonará ao Consello Municipal de Deportes, o importe do 20% dos prezos públicos establecidos e vixentes en cada momento, e de acordo o nivel de uso das instalacións utilizadas, xustificándose o mesmo no sentido promocional de este deporte na nosa cidade e o colectivo o que vai destinado a actividade de deporte base.

Cuarto :

A Federación Galega de Judo non poderá usar as instalacións especificadas no presente convenio para actos, actividades, eventos e partidos que non fosen previamente posto en coñecemento do Consello Municipal de Deportes e autorizados polo mesmo.

Farán uso das instalacións deportivas municipais nas condicións especificadas no presente convenio as persoas que pertencen a dita Federación Galega de Judo ou aquelas que realicen unha actividade deportiva con este federación e que están debidamente identificadas, inscritas e admitidas no recinto deportivo.

Quinto: A Federación Galega de Judo colaborará en aqueles actos organizados polo Consello Municipal de Deportes, nos que se solicite a súa colaboración e que sexan de similar natureza e finalidade. Así mesmo, a Federación Galega de Judo incluírá na súa publicidade (carteis, trípticos, pancartas, etc.) o logotipo do Consello Municipal de Deportes

Sexto: O presente contrato terá unha duración ata o 31/12/2019 , para o uso das instalacións sinaladas no ordinal primeiro deste convenio, salvo denuncia expresa de calquera das partes asinantes, ou normativa que o impida.

---

**Consello Municipal de Deportes de Ourense**

Avenida Pardo de Cela nº2, Ourense. 32003 (Ourense). Tfno. 988370539. Fax: 988370727



Sétimo:

A prerrogativa de interpretar o convenio, resolvelas dubidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordala súa resolución e determinalos efectos de estas, corresponden ó Consello Municipal de Deportes.

Octavo:

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para a resolución de cantas controversias se podan suscitar na interpretación ou cumprimento do aquí convido polas partes dada a súa natureza administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, subscribese o presente convenio por ámbalas partes no lugar e data indicados no seu encabezamento, quedando un exemplar do mesmo en poder de cada parte.

O Presidente do CMD

O/a Presidente/a da entidade

O secretario do CMD

---

**Consello Municipal de Deportes de Ourense**

Avenida Pardo de Cela nº2, Ourense. 32003 (Ourense). Tfno. 988370539. Fax: 988370727

FIRMADO por: MARIO MANUEL MUZAS COBO (NIF: 50420454S)  
Versión imprimible con información de firma generado desde VALiDe (<http://valide.recsara.es>)  
Firma válida.